

---

# RECETGA posibilitará a asistencia en directo a seis intervencións no Hospital Juan Canalejo

- Actualizado (12.09.2005)

O ancho de banda de 155 Megabites por segundo co que conta a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA) permitirá a 150 cardiólogos de 30 países asistir en directo a seis intervencións nos quirófanos do Hospital Juan Canalejo.

O Segundo Simposium Interinstitucional sobre Ciruxía Cardíaca Minimamente Invasiva congregará a 150 especialistas de 30 países do 24 ao 27 de Febreiro no Paraninfo da Universidade da Coruña. Este Simposium está organizado polo Hospital Juan Canalejo en colaboración co International Heart Institute of Montana e a Università degli Studi G. D&rsquo;Annunzio, e co apoio do SERGAS e a UDC.

Os días 25 e 26 de febreiro, os asistentes ás xornadas poderán, desde o Paraninfo da UDC, presenciar en directo tres intervencións de ciruxía coronaria e outras tantas de ciruxía valvular que se realizarán nos quirófanos do Hospital Juan Canalejo. Os especialistas asistentes poderán formular preguntas desde o Paraninfo aos seus colegas no quirófano do H.J.Canalejo mentres estes demostran sobre pacientes reais novos métodos de operatoria mínimamente invasiva.

Estas transmisións interactivas en tempo real serán posibles grazas á tecnoloxía de Banda Ancha que incorpora RECETGA. Rede que permite á transmisión de vídeo, voz e datos entre o H.J. Canalejo e a UDC utilizando tecnoloxía ATM a velocidades de 155 Megabites por segundo.

RECETGA é a rede de comunicación da comunidade científica galega. Esta rede é unha infraestrutura de comunicacións galega que non depende de operadores externos. A xestión desta rede corre a cargo do CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) en coordinación coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. RECETGA foi co-financiada por FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional).